



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/46/2014	CONYI0RF
4F0A6H5G2I5H004N003Z	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "C" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DOS AO PROGRAMA MUNICIPAL EDUCATIVO PROMEDEX 5.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente

Vogais:

Dna. Pilar Suanzes Hyde, secretaria Accidental
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
Dna. Yolanda Martínez García, Xefa de Servizo Sociocomunitario.

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe de Sección de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación da devandita asistencia técnica, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta do informe técnico
- Apertura do sobre C: Oferta económica

De conformidade co establecido na cláusula 11.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron representantes das empresas participantes nesta licitación, Gaffor SL E Xestión Plus S.L.U.

Sendo as 12:35 horas do día 19 de setembro de dous mil catorce, réunese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación da puntuación acordada para a documentación contida no sobre "B" de Documentación Técnica de Criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, e para apertura dos sobres "C" relativos á Oferta Económica das empresas admitidas á licitación.

Antes de proceder á apertura dos sobres da Oferta Económica, a secretaria procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe técnico de valoración do sobre "B" de Referencias Técnicas:



Unha vez posta en coñecemento dos licitadores a puntuación obtida na valoración das Referencias técnicas, procédese á apertura dos sobres "C" relativos ás Ofertas Económicas:

Empresa Axiña Servicios Deportivos S. L., propón os seguintes prezos:

LOTE 1: 32,65 euros/hora IVE non incluído

LOTE 2: 19,44 euros/hora IVE non incluído

Empresa Gaffor S.L.,

Esta oferta foi rexeitada ao abeiro do establecido no artigo 84 do regulamento xeral da Lei de contratos das administración pública, ao non ofertar polo prezo de licitación, prezo hora, se non por unha cantidade máxima, variando así substancialmente o modelo establecido.

Empresa La Guagua Servicios Socioculturales S.L., propón os seguintes prezos:

LOTE 1: 30,00 euros/hora IVE non incluído

LOTE 2: 20,50 euros/hora IVE non incluído

Empresa Senes Cit S.L., propón os seguintes prezos:

LOTE 1: 34,71 euros/hora IVE non incluído

LOTE 2: 18,00 euros/hora IVE non incluído

Empresa Sedega S.L., propón os seguintes prezos:

LOTE 1: 31,00 euros/hora IVE non incluído

LOTE 2: 19,00 euros/hora IVE non incluído

Empresa Gestión Plus S.L.U., propón os seguintes prezos:

LOTE 1: 32,50 euros/hora IVE non incluído

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 13:08 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu a secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente